



RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS E SE CONVOCAN AXUDAS DE MOBILIDADE PARA O PROFESORADO DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PERSOAL E ALUMNADO DE ORGANIZACIÓNS DE PAISES SOCIOS DO CONSORCIO DE MOBILIDADE QUE DESENVOLVERÁ UN PROXECTO KA107 CON MÚLTIPLES BENEFICIARIOS NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+, DURANTE O ANO 2018. PROXECTO TITULADO “**InterPrax (KA107)**”.

O Programa Marco «Erasmus+» para o periodo 2014-2020 posúe unha regulación lexislativa propia fundamentada no Regulamento (UE) nº 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013, polo que se crea o Programa «Erasmus+», de educación, formación, xuventude e deporte da Unión Europea.

Neste Regulamento establécese que existirá unha convocatoria anual de propostas que reúna as distintas accións do Programa Marco «Erasmus+» e a súa periodización. Recolle, así mesmo, que as condicións referidas nas respectivas convocatorias de propostas figurarán na *Guía do Programa Erasmus+* correspondente a cada convocatoria, formando parte esta mesma *Guía* da propia convocatoria de propostas.

A convocatoria de propostas correspondente a 2017 foi publicada no Diario Oficial da Unión Europea, do 20 de outubro de 2016 (EAC/A03/2016).

A Guía Erasmus+ para 2017 establece os obxectivos e características principais do Programa «Erasmus+», as entidades que poden participar nel, os orzamentos, os responsables da súa execución, así como as accións que este programa comprende, entre as que figuran, entre outras, proxectos de mobilidade para persoal e estudantes por motivos de aprendizaxe dentro do sector de Educación Superior.

A Guía detalla os procedementos das distintas accións, os trámites de solicitude das axudas para a realización de prácticas, os criterios de selección e concesión tanto dos proxectos como dos beneficiarios, e inclúe toda información relevante para a elaboración e concesión dun proxecto europeo de mobilidade Erasmus KA1.

Igualmente, a Guía Erasmus+ para 2017 informa sobre as liñas prioritarias de cada un dos sectores (escolar, adultos, formación profesional e educación superior, así como informa da difusión e da sustentabilidade das liñas prioritarias que para os sectores da educación e a formación son establecidas pola Comisión Europea.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, solicitou unha subvención da Unión Europea ao abeiro do programa sectorial educación superior, correspondentes á Convocatoria nacional de propostas do Programa Erasmus+ para 2017.

A solicitude presentouse para un total de 197 mobilidades de estudantes e de persoal de Educación Superior (KA107). Na solicitude figura como institución organizadora e coordinadora do consorcio a D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e con 11 países asociados (Albania, Armenia, Bosnia Hercegovina, Cambodja, India, Jordania, Sudáfrica, Tailandia, Túnez, Ucraia e Vietnam).

Mediante Resolución do 23 de xuño de 2017 da Dirección do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) publicáronse as listaxes de solicitudes seleccionadas e excluídas de proxectos da Acción Clave 1, Mobilidades das persoas por motivos de aprendizaxe no sector da Educación Superior, Acción Clave 1, correspondente á Convocatoria de Propostas do



programa Erasmus+ 2017. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria resultou beneficiaria dunha axuda para o Consorcio de mobilidades por importe total 102.070,00€, dos que 91.220,00 corresponden a axudas para viaxes e apoio individual e 10.850,00€ de apoio organizativo.

As mobilidades realizaranse no período de vixencia do convenio de subvención asinado co SEPIE, é dicir, dende o 1 de xuño de 2017 ao 31 de xullo de 2019.

No mes de agosto de 2017, o SEPIE e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, asinaron o convenio de subvención para mobilidade Erasmus para prácticas organizadas por consorcios, no marco do Programa Erasmus+.

O contrato asinado ten o seguinte número: 2017-1-ES01-KA107-037562. O proxecto titúlase “**InterPrax (KA107)**”.

De acordo co disposto na cláusula II.13, do citado contrato e sempre que o Proxecto se execute segundo se describe no Anexo II do contrato, os beneficiarios poderán axustar o orzamento estimado que figura no Anexo II e as distintas actividades relacionadas descritas no Anexo II, mediante transferencias efectuadas entre as distintas categorías orzamentarias, sen que este axuste se considere unha modificación do Convenio no sentido da cláusula II.13, e sempre que se respecten as regras establecidas.

En base a citada cláusula e a información facilitada polo SEPIE, na que se permite que se poidan variar as prazas concedidas por país sempre e cando no seu conxunto o importe total non supere ao importe concedido e aprobado no convenio de subvención, fixéronse cambios nas mobilidades entrantes e saíntes incorporando movilidades de alumnado e profesorado saínte.

De acordo co establecido no punto 3 do artigo 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a xestión das referidas axudas rexeranse polo réxime xurídico establecido pola Unión Europea para o desenvolvemento do Programa Erasmus+, xa que é unha subvención concedida pola Unión Europea e financiada totalmente con fondos europeos, sen perxuízo da aplicación de normas de organización e procedementos propios da Administración da Comunidade Autónoma. En calquera caso, esta lei aplicárase con carácter supletorio respecto da normativa reguladora das subvencións financiadas pola Unión Europea.

Tendo en conta o anterior, esta consellería considera necesario establecer un procedemento para a concesión das axudas de mobilidades ao profesorado pertencentes aos centros educativos que forman parte do citado Consorcio de mobilidades, así como ao persoal e alumnado pertencente ás organizacións dos países asociados, Tailandia e Cambodja.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me foron concedidas, esta Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

RESOLVE:

Artigo 1. Obxecto

A presente resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar as axudas de mobilidade destinadas a profesorado de centros educativos que forman parte do Consorcio así como persoal e alumnado das organizacións asociadas ao proxecto dos países de Tailandia e Cambodja de



movilidades que ten concedido a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no marco do Programa Erasmus+, para realizar durante o ano 2018.

Artigo 2. *Requisitos*

2.1 Poderá concorrer a esta convocatoria o persoal docente destinado en centros educativos públicos dos centros educativos que forman parte do Consorcio así como o persoal e alumnado das organizacións asociadas o proxecto, que se recollen na táboa do punto 2 do artigo 6.

2.2 Non poderá ter a condición de beneficiario das axudas previstas nesta resolución o profesorado, persoal ou alumnado que incorra nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.3 A persoa solicitante debe cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario/a de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma segundo indica o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

Artigo 3. *Documentación*

Os beneficiarios que reúnan os requisitos para participar nesta convocatoria presentará a solicitude normalizada mediante comunicación escrita a esta Consellería.

Artigo 4. *Prazo e lugar de presentación de solicitudes*

4.1 O prazo de presentación de solicitudes será de quince días naturais, contados desde o día seguinte ao da comunicación aos centros educativos e organizacións do país asociado que figuran nesta convocatoria.

4.2 As solicitudes serán facilitadas aos beneficiarios polo centro educativo / organización do país asociado no que estea destinado.

4.3 As solicitudes só se poderán presentar no centro educativo / organización do país asociado onde o alumnado e profesorado estea destinado.

Artigo 5. *Orzamento*

O importe total das axudas económicas efectuarase con cargo ao concepto orzamentario **10.50.422M.480.5** do exercicio económico do ano 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ata un importe máximo de **91.040,00 €**.

Artigo 6. *Contías e criterios de distribución das axudas*

6.1 Os importes aprobados por participante para cada actividade polo Programa Erasmus+ son os que figuran nas seguintes táboas:



Mobilidades de profesorado e persoal entrante e saínte:

Ano de realización	Orixe	Destino	Nº mobilidades	Días	Viaxe	Apoio Individual	Importe total
2018	Cambodja	España	5	7	5.500,00 €	4.200,00 €	9.700,00 €
2018	España	Cambodja	1	7	1.100,00 €	1.120,00 €	2.220,00 €
2018	España	Cambodja	1	13	1.100,00 €	2.080,00 €	3.180,00 €
2018	España	Cambodja	2	14	2.200,00 €	4.480,00 €	6.680,00 €
2018	Tailandia	España	8	7	8.800,00 €	6.720,00 €	15.520,00 €
2018	España	Tailandia	3	7	3.300,00 €	3.360,00 €	6.660,00 €
2018	España	Tailandia	2	13	2.200,00 €	4.160,00 €	6.360,00 €
2018	España	Tailandia	8	14	8.800,00 €	17.920,00 €	26.720,00 €
							77.040,00 €

Mobilidades de alumnado entrante:

Ano de realización	Orixe	Destino	Nº mobilidades	Meses	Viaxe	Apoio Individual	Importe total
2018	Cambodja	España	2	3	2.200,00 €	4.800,00 €	7.000,00 €
2018	Tailandia	España	2	3	2.200,00 €	4.800,00 €	7.000,00 €
							14.000,00 €

6.2 As prazas que se poderán conceder por centro son as seguintes:

	Nº Mobilidades	Período
TAILANDIA		
Chiang Mai University - persoal saínte	3	7 días
Payap University - persoal saínte	5	7 días
Chiang Mai University - alumnado entrante	2	3 meses
CIFP Politécnico de Santiago - profesorado saínte	1	7 días



IES Ramon Menéndez Pidal - profesorado saínte	2	7 días
IES Anton Losada Diéguez - profesorado saínte	3	7 días
IES de Teis - persoal saínte	3	7 días
IES de Valga - profesorado saínte	1	14 días
IES Luís Seoane - profesorado saínte	1	14 días
IES Pintor Colmeiro - profesorado saínte	2	14 días
IES Ribeira do Louro - profesorado saínte	2	13 días
CAMBODJA		
University of Limkokwing - persoal entrante	2	7 días
Royal University of Fine Arts - Faculty of Architecture and Urbanism (RUFA) - persoal entrante	3	7 días
University of Limkokwing - alumnado entrante	2	3 meses
IES Leixa - profesorado saínte	1	7 días
CIFP Politécnico de Santiago - profesorado saínte	1	14 días
IES Ribeira do Louro - profesorado saínte	1	13 días
IES Ribeira do Louro - profesorado saínte	1	14 días

6.3 Se algún centro educativo / organización asociada non consumise a/as praza/s que ten adxudicadas, esta/s poderán adxudicarse a calquera dos outros centros educativos / organización asociada que figuran na táboa do apartado anterior e que teñan candidatos seleccionado en reserva.

Artigo 7. Comisión avaliadora dos centros educativos

7.1 A selección as persoas candidatas será realizada por unha comisión avaliadora en cada centro educativo e estará integrada por:

- ☒ Presidente/a: a persoa que exerce a dirección do centro educativo ou persoa en quen delegue.
- ☒ Vogais:
 - ☐ O/a coordinador/a de programas europeos.
 - ☐ Dous membros do equipo directivo do centro.
- ☒ Secretario/a: un/unha profesor/a do centro, que actuará con voz e voto.

7.2 Se por calquera causa, no momento no que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas compoñentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa docente do centro educativo.



Artigo 8. Criterios de selección do profesorado, persoal e alumnado.

8.1 Criterios de selección de profesorado candidato en centros educativos.

1. Antigüidade no centro (máximo 5 puntos).

- ☐ Con data de destino definitivo anterior ao curso 2011-2012; 5 puntos.
- ☐ Con data de destino definitivo comprendida entre o curso 2016-2017 e 2011-2012; 3 puntos.
- ☐ Con data de destino provisional anterior ao curso 2011-2012; 3 puntos.
- ☐ Con data de destino provisional comprendida entre o curso 2016-2017 e 2011-2012; 1 punto.

2. Competencias lingüísticas, adecuadas ao curso, no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, en caso de que sexa diferente a do país de acollida (máximo 5 puntos).

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta as seguintes variables:

- ☐ Para os cursos de formación en lingua inglesa valorarase con 5 puntos ter acadado o nivel xusto inferior ao adquirido coa referida formación e con 3 puntos o seguinte nivel.
- ☐ Para o resto dos cursos valorarase con 5 puntos ter o nivel C1 ou C2, e con 3 puntos ter o nivel B1 ou B2.
- ☐ O nivel de competencia lingüística determinarase mediante certificación de competencia lingüística. No caso de non dispor de certificación poderán realizarse probas no mesmo centro.

3. Competencias persoais e actitudes (máximo 3 puntos).

Esta valoración farase tendo en conta a opinión do equipo directivo do centro sobre a idoneidade do profesorado para aplicar no centro a formación recibida.

4. No caso de empate nos méritos, resolverase por sorteo.

8.2 Criterios de selección do alumnado candidato en cada organización de países asociados.

1. Expediente académico (máximo 3 puntos).

A nota media no curso anterior no que estaban matriculados no momento de realizar as mobilidades.

2. Habilidades lingüísticas de inglés / español (máximo 4 puntos)

A avaliación das competencias lingüísticas farase tendo en conta as seguintes variables:

- ☐ Nota media do alumnado no caso que o inglés / español sexan materias estudadas previamente.
- ☐ Certificados de habilidades lingüísticas proporcionadas.
- ☐ Probas realizadas na organización.
- ☐ Calquera outro método para probar as habilidades da lingua decidido polo comité de selección.

3. Habilidades e actitudes persoais (máximo 4 puntos).



O comité de selección considerará para este criterio a valoración das actitudes e comportamentos dos alumnos, tendo en conta para iso as opinións e a información dada por aqueles que ensinan a ese estudante en particular, dando máis puntos a aqueles alumnos e alumnas considerados baixo este criterio máis adecuados para formar parte destas mobilidades.

4. Outros

En caso de empate darase preferencia aos estudantes que nunca participaron nas mobilidades do Programa Erasmus +.

8.3 Criterios de selección do persoal candidato en cada organización de países asociados.

Os organismos de países asociados enviarán a proposta de selección do persoal participante e, se é o caso, listaxe de persoal en reserva. Así mesmo, enviarán documentación que acredite o proceso de selección seguido. Autorízase ao director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a que designe os centros públicos que acollerán ao alumnado, previa solicitude polo seu director/a.

Artigo 9. Documentación que tramitarán os centros e organizacións de países asociados

9.1 Os centros educativos / organizacións asociadas, unha vez realizada a reunión da comisión avaliadora, farán unha listaxe provisional na que recollerán as persoas beneficiarias seleccionadas para as prazas que ten adxudicadas por orde de prelación e o persoal / alumnado que queda en reserva, tamén por orde de prelación. Esta listaxe provisional, asinada polo/a director/a e o/a secretario/a, deberá ser publicada no taboleiro de anuncios do centro o día seguinte ao do remate da reunión da comisión avaliadora. Na citada listaxe farán mención a que se aplicaron os criterios citados no artigo anterior e que o centro se compromete a gardar as probas documentais sobre o proceso de selección seguido, que poderán ser solicitadas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa no caso de revisión documental ou auditoría solicitada polo SEPIE ou outro organismo competente. O centro abrirá un prazo de cinco días naturais, contados a partir da publicación da listaxe provisional, para a presentación de reclamacións por parte dos/as solicitantes.

9.2 Rematado o prazo de reclamacións, a dirección do centro resolveraa e elaborará unha listaxe definitiva de solicitantes seleccionados e en reserva, asinada polo/a director/a e o/a secretario/a, que fará pública no taboleiro de anuncios do centro.

Artigo 10. Envío de documentación

10.1 A dirección do centro / organización enviará á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a seguinte documentación:

- Copia do certificado de selección.
- Pasaporte (no caso de persoal e alumnado entrante).
- Certificación da conta bancaria con nome da entidade bancaria e enderezo completo, código IBAN e/ou código SWIFT.

10.2 O prazo de envío da documentación será de cinco días naturais a contar a partir do día seguinte ao que se publique a listaxe definitiva das persoas solicitantes seleccionadas e en reserva.



Artigo 11. *Adxudicación das axudas*

11.1 Á vista da documentación achegada polos centros e das prazas que teñen asignadas, a dirección xeral elaborará a correspondente proposta de adxudicación das axudas e enviaralla á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá o que proceda, e nos termos previstos no artigo 34 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro-

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

11.2 Se algún centro / organización non tivese solicitantes no prazo establecido deberá comunicalo a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para que poida propoñer a/as praza/s que teña adxudicado ese centro / organización a outro/s dos que figuran na táboa do punto 2 do artigo 6. As prazas adxudicaranse aos beneficiarios en reserva que teña maior puntuación dentro do grupo de actividades países.

11.3 Para os efectos establecidos no artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta resolución será de cinco meses, contados desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen se ditar resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender rexeitadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Artigo 12. *Renuncia a axuda*

12.1 No caso de que por motivos xustificados un/unha beneficiario/a non poida facer a mobilidade para a que ten concedida unha axuda, este/a deberá presentar no centro educativo ou organización un escrito de renuncia. O centro educativo / organización enviará o referido escrito á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e solicitará que se adxudique a praza que queda vacante ao/á primeiro/a solicitante que figura na listaxe de reserva. No caso de que ningunha persoa solicitante de reserva dese centro / organización queira optar á praza vacante deberao facer constar por escrito para que a dirección xeral propoña a concesión da axuda ao/á beneficiario/a solicitante en reserva que teña maior puntuación no baremos polo grupo de países que lle corresponda. Unha vez que haxa candidato/a a dirección xeral elaborará a correspondente proposta de aceptación da renuncia e proposta de adxudicación da nova axuda e enviaralla á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá o que proceda, nos termos previstos no punto 1 do artigo anterior.

12.2 Se o/a beneficiario/a tivera percibido un anticipo da axuda deberá reintegralo de acordo co procedemento que se recolle no Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que se lle comunicará por escrito cando se resolva a aceptación da renuncia.



Artigo 13. *Colaboración dos centros educativos*

Os centros educativos e organizacións de países asociados prepararán aos participantes para a súa mobilidade no centro formativo de destino, coordinando os detalles da viaxe e aloxamento. Logo preparará un contrato de subvención que recolla todas esas circunstancias, de acordo co establecido na normativa específica de Erasmus+. O contrato será asinado entre a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e o/a beneficiario/a. Este contrato asinarase antes de comezar a mobilidade e será necesario dispor dunha copia para poder tramitar o 80% correspondente ao anticipo da axuda.

Artigo 14. *Pagamento das axudas*

14.1 As axudas faranse efectivas en dous pagamentos directamente á persoa beneficiaria, a través da conta bancaria indicada para tal efecto.

14.2 Un primeiro pagamento en concepto de anticipo, polo importe do 80% da axuda concedida, unha vez que o/a beneficiario/a e a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa asinen o convenio de subvención Erasmus+ para mobilidades das persoas por motivos de aprendizaxe, segundo o modelo establecido polo Programa Erasmus+.

14.3 Unha vez que o/a beneficiario/a remate as mobilidades, nos 30 días posteriores, terá que cubrir un cuestionario en liña na aplicación da Unión Europea (EU Survey) de acordo co establecido no Programa Erasmus+ e presentar certificado conforme o/a beneficiario/a realizou a mobilidade, coas datas de comezo e remate. Este informe considerárase solicitude de pagamento do 20% restante da axuda ao beneficiario/a. No caso de que as datas de realización da mobilidade fosen inferiores as previstas o pago do 20% restante minorárase de acordo co establecido no convenio de subvención.

14.4 A persoa beneficiaria está obrigada a comunicarlle á entidade concedente ou, se é o caso, á entidade colaboradora a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Artigo 15. *Transparencia e bo goberno*

15.1 A presentación da solicitude de concesión de subvención por parte da persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, en cuxo caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

15.2 De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluírá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.



Artigo 16. Compatibilidade das axudas

Estas axudas son compatibles con outras de carácter xeral, aínda que o importe total recibido nunca poderá superar illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da actividade subvencionada.

Artigo 17. Perda das axudas

17.1 A falsidade dos datos ou falsificación dos documentos que se presenten, calquera que sexa o momento en que se demostre a inexactitude, terá como consecuencia a perda de todos os dereitos dos/as solicitantes que incorran en tal situación e a devolución total da contía percibida, ademais das responsabilidades que procedesen, seguindo o procedemento establecido no artigo 77 e seguintes do citado Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

17.2 Calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 18. Obrigas das persoas beneficiarias

18.1 A persoa beneficiaria está obrigada ao reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, logo do procedemento establecido no artigo 77 e seguintes do citado Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

18.2 A persoa beneficiaria está obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control que lles correspondan.

18.3 Para os efectos do artigo 31.7 da Lei 9/2007, estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, utilizarase a declaración responsable recollida no anexo desta resolución.

Artigo 19. Protección de datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Profesorado», regulado na Orde do 26 de marzo de 2012 (DOG do 4 de abril) desta consellería, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria-Secretaría Xeral Técnica-Edificio Administrativo San



Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a sxt.cultura.educacion@xunta.gal.

Artigo 20. *Modelos normalizados de formularios*

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa (<https://sede.xunta.es/modelos-normalizados>), que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 21. *Notificacións*

21.1 As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

22.2 A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No casos de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

22.3 As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

22.4 Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 22. *Adaptación*

Esta resolución adáptase ás normas que lle son aplicables da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ás que figuran no regulamento desta lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Disposición adicional primeira. *Infraccións e sancións*

As persoas beneficiarias destas axudas quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional segunda. *Obrigas*

As persoas beneficiarias teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, segundo dispón o artigo 14.1.k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



Disposición adicional terceira. *Impugnación*

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación desta resolución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa comunicación aos centros educativos recollidos no punto 2 do artigo 6.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2018

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria